

## PARTICIPACIÓN E CREATIVIDADE NAS FESTAS CONVOCADAS POLA ASOCIACIÓN CULTURAL XERMOLOS

*Alfonso Blanco Torrado*  
Asociación Cultural Xermolos (Guitiriz)

Dende a súa orixe a Asociación Xermolos atopou nas festas unha canle para a súa creatividade e desenvolvemento como colectivo cultural, por unha banda a cultura é memoria que finca as súas raíces na identidade como pobo e as festas axudaron a enxergar e a manter vivo e dinámico este xeito de facer pobo. Pero, por outra banda, tamén fomos constatando que as festas como a cultura axudan a facer un mundo máis habitable e máis fermoso porque este estoupido de vida, de comunicación sen paliativos nin reducións aleatorias que adoita ser unha festa é unha plataforma para unha convivencia tolerante e respectuosa con tódolos xeitos de vida: o compañeirismo, unhas relacións cordiais, cargadas de ledicia e de bo ánimo..., son o necesario para crear un futuro de liberdade.

É verdade que fomos parindo festas novas, de acordo cos tempos, como o Festival de Pardiñas que nós apelidamos FEIRA E FESTA DA MÚSICA E DA ARTE, porque tódalas festas e festivais teñen a súa propia identidade, mais o noso primeiro obxectivo foi recupera-las festas tradicionais ou estacionais que cunha historia milenaria seguen a harmoniza-las xentes e os pobos entre si, pero tamén coa natureza e as fases propias da vida: o Nadal, o Entroido, a Pascua, o San Xoán, etc. Estas festas abrollan da natureza como as herbas do San Xoán ou a flor da Pascua..., e non se sabe se son o corpo e o espírito os que respiran mellor con este ritmo natural e necesitan destes cambios estacionais ou irrupcións de tempos e ciclos festivos alternando co traballo, ou polo menos co crecemento e xermolar das outras criaturas, ou se son o sol e a lúa os que en realidade van marcándonos este calendario lúdico.

Mesmo as sementeiras e colleitas desde os primeiros labregos neolíticos foron reguladas polas festas puntuais de cada tempo estacional, por iso polo solsticio de verán, agora tamén San

Xoán, no que se festexa ó sol para que non esmoreza, escoitamos esta cantiga popular:

Eu non quero ver tristeza,  
quero o sol á miña beira;  
onda a sombra o pan non crece  
nin dá rosas a roseira.

Tamén hoxe cuns calendarios máis regulados pola produción, cómpre facer festa para liberarnos do traballo cotián, das ansias e da monotonía, pero facer festa obriga a ser actores, protagonistas, e non só espectadores ou consumidores de algo que están a vendernos sen contar coa nosa iniciativa, lonxe da vontade de entregarnos a esa paixón liberadora que son as festas.

Pero como en tódolos procesos vitais cómpre implicar moito máis ós e ás humanas neste decorrer da natureza para non alienarnos, e aquí radica unha das tarefas dunha asociación cultural, propiciar materiais e apoios para unha maior participación dos veciños nestes acontecementos. Nunha sociedade tan masificada e tan consumista tamén hai que educa-los cidadáns e as cidadás para vivir e participar das actividades lúdicas dun xeito persoal e creativo, agora que parte da poboación ten e vai ter moito máis tempo libre, para que, por exemplo, os xubilados poidan gozar do seu xubileo...

Xermolos está a traballar nesta liña e convida a vivi-lo Nadal, o Entroido, o San Xoán, dun xeito máis intenso poñendo en xogo a toda a persoa, a tódalas idades e colectivos. Estamos a facer un esforzo para que as festas non só sexan un espectáculo pasivo, senón unha experiencia activa e participativa que libere a toda a persoa desde o seu protagonismo no feito lúdico.

#### A SIMBIOSE DE TRADICIÓN E MODERNIDADE

Como animadores culturais temos difundido a nivel popular "Revistas Xermolos" dedicadas a explica-lo sentido simbólico das festas estacionais, que é o que aglutina e estimula ó grupo para non perde-la súa presenza dinámica nelas, centrándonos nas espe-

cificidades e no celme significativo de cada celebración, por exemplo, dos elementos orixinarios da auga e do lume no San Xoán, para que os festeiros as vivan máis intensamente, coñecendo a súa forza xeradora de vida e relacións cordiais.

Así a celebración do Nadal dámos pé a ser un auxiliar para que a ilusión dos máis pequenos da comunidade coa típica Cabalgata de Reis non se esborralle nun furacán consumista que os leve por diante. Os nenos son os protagonistas e búscase denodadamente a súa participación... Con tempo de antelación avísase do acontecemento: fanse grupos de traballo para a música, panxoliñas, vestiario, etc., e téñense representado oficios: muiñeiros, cesteiros, fiadoras..., mesmo con traxes típicos, como antídoto a unha publicidade dos medios e a unhas familias que adoitan falar dos "reis" con demasiada présa.

A cabalgata de Xermolos leva sempre consigo:

- que a comitiva sexa recibida con concertos de música de Nadal de grupos de nenos nos colexios de Guitiriz e Parga, nos que os máis pequenos mostran a toda a comunidade en que están medrando a súa arte e creatividade. Esta festa é un sinal do cordial intercambio que supón ser agasallados polos maiores con regalos e os nenos e nenas, a cambio, deléitannos coas súas representacións;
- a recuperación do patrimonio, que é unha das teimas desta Asociación. Así montámo-lo Portal Vivente en Parga e a representación dos oficios, nos cubertos de pedra da feira para recuperalos e dignificalos. Os que participan nesta representación do Nadal saben que están a beneficiarse do traballo e da arte das xeracións anteriores que os construíron e os conservaron;
- mesmo creamos un equipo de investigación e de recoleita de "cantares de reis", panxoliñas, "aninovos", que nesta festa cantan os reis por algunhas das aldeas, recuperando un costume que xa estaba perdido...

- neste día xantamos xuntos tódolos que colaboramos nesta festa.

No Entroido canalizámo-la participación do pobo nunha festa con tanta carga social, mesmo loitando contra o consumismo e a "apropiación" das festas por parte dos grandes almacéns, provocando a creatividade dos individuos e dos grupos e levando o Entroido á rúa. Buscámo-la participación colectiva a través da creación de grupos ou obradoiros de parroquias, cursos de ensino, asociacións, etc., que xa levan anos facendo comparsas e logo participando o martes, festa local, na queima do Entroido... A Asociación agasalla con cestas de produtos típicos deste tempo ós que ofrecen mellor música ou máis humor, orixinalidade ou creatividade, que son aproveitadas polos grupos para faceren ceas e xantares que seguen a crear máis unión e comunión e tamén a facer festa. Nos meses anteriores hai grupos de xente que achegan as súas capacidades para face-lo mellor sermón do Entroido, a crítica máis retranqueira, traxes, música, os materiais da comparsa...

#### A FEIRA E FESTA DA MÚSICA E DA ARTE

Esta festa xorde hai 23 anos como unha necesidade e unha arela, sobre todo da mocidade, que quería unha festa deseñada e feita por eles e que recuperase a música de raíces, en concreto o folk, tan esquecido naquel momento. Tampouco foi unha creación dende a nada, Xermolos aproveitou unha festa ou verbena que xa tiña anos nun lugar pequeno como é o Balneario de Pardiñas para convertela nunha festa tradicional, participativa, galega, de merendas adobadas coa música do país. A iniciativa foi tan ben acollida que hoxe é un dos grandes festivais de Galicia.

É a mocidade a que segue a tirar por este festival; son meses de traballo: organizar, buscar grupos, loitar por un apoio económico (nunca chegan os cartos e tampouco hai subvencións...), montar e desmontar, facer respecta-la natureza que nos acolle nas carballeiras do Balneario, ter que aguantar durante todo o ano as ameazas de xente que non tolera a visita de mozos doutras culturas ou "tribos"... Este festival é froito do compromiso profundo de varias

xeracións de mozas e mozos que se van sucedendo co afán de chegar a toda a xente do seu contorno: a cultura, as artes, a artesanía, os libros e os seus autores.

É unha festa en que o esforzo e a tensión do grupo demiúrigo rebenta e multiplícase en máis festa para eles e para miles de persoas, sobre todo para a xuventude. En cada edición créase un tempo novo, sorprendente, que chega a transformar coa súa enerxía lúdica ós que se mergullan nel, porque é tal a forza emerxente neste Festival que hai persoas que non son capaces de deixarse arrastrar por esta novidade, non fan nada alí, son simples espectadores que só buscan o conto e a anécdota, non chegan a ser protagonistas... Son os detractores que miran de esguello a expresión sincera e espontánea dunha festa que sempre trastorna o que algúns chaman a normalidade. Este xeito de facer festa desde a mocidade e as artes convértese cada ano nunha ruptura total co cotián, co de sempre, e que obriga a tomar partido a prol ou en contra da festa; un festival das artes non comunga coa indiferencia, coa rutina ou coa mediocridade.

Se facemos repaso dos grupos musicais que pasaron nas 23 edicións do Festival de Pardiñas, descubrimos que esta comarca rural puido participar da música de Galicia e de fóra, moitas veces antes cós habitantes de grandes cidades..., gracias a unha mocidade que está a funcionar como unha vangarda cultural e artística nesta sociedade concreta.

Este grupo de xente nova, a diferenza doutros festivais, xa coñece por experiencia que ten que saír adiante sen subvencións, por iso vai medrando en imaxinación e ideas para descubrir en cada edición algunha novidade que axude a crear máis estímulos para que a festa siga medrando. Así, foron os primeiros, en colaboración coa Asociación de Gaiteiros, en crear unha Mostra de Artesáns de Instrumentos de Música Tradicional, que xa vai pola décima edición.

A diferenza das diversións das fins de semana e mesmo doutros festivais en que hai que pagar unha entrada ou unha consumición e ás que tamén asisten estes mozos, esta festa só obriga a

meterse de cheo nela e deixarse levar polo estoupido dos sentidos: o arrecendo das árbores e das flores pero tamén da gastronomía, o son da música, a luz, as cores e as formas das exposicións de artes plásticas, o tacto dos libros e dos traballos de artesanía...

Pardiñas tampouco é unha das moitas festas gastronómicas con intención comercial e de publicidade, é unha ofrenda á vida desde o gozo da cultura e das artes, por iso multiplícase en moitos espazos lúdicos:

- Mostra de artesanía.
- Mostra de artesáns de instrumentos de música tradicional.
- Exposicións de pintura, escultura, fotografía, cerámica, etc.
- Mostrras de libros e discos.
- Exposición de debuxo infantil.
- Publicación dunha revista monográfica sobre este evento.
- Concerto de coral na igrexa.
- Festa de merendas.
- Mostra de danzas, etc.

Pero sobre todo Pardiñas é música durante dous días coas súas noites. É un exemplo de como un sector da poboación, a mocidade, está a implicar a adultos e nenos nun acontecemento festivo, porque esta festa é para tódalas idades xa que hai diferentes estilos de música: folk, rock, corais, danza, etc.

Mesmo as e os nenos convértense en grandes protagonistas deste festival... Chegada a primavera senten devezos por participar nos certames de poesía, narración e debuxo infantil, organizados desde os centros de ensino para poder aspirar ós premios que se entregan desde o palco principal de Pardiñas da man dos escritores máis egrexios deste país.

Cando se fai festa desde a base e non só porque está a caer unha folla máis do calendario ou contamos cunha subvención..., sacala adiante obriga a un exercicio de responsabilidade que tamén é un xeito de participación como todo traballo en grupo, mesmo para saber enfrontarse a problemas e incidencias imprevistas de organización, seguridade, de coordinación de actividades (a media de participantes deste Festival é de 10.000 persoas...).

#### FACER FESTA ENRAIZADOS NA MEMORIA COLECTIVA

Xermolos está botando a andar unhas festas en que se quere pór en xogo ou arrincarlle o zume a toda a riqueza da natureza, a historia, a arte, a creatividade do pobo, mesmo convertendo en "espacios da memoria" lugares moi ligados afectivamente á memoria colectiva das comunidades e dos veciños converténdoo no substrato simbólico que toda festa enxerga para ser capaz de aglutinar e provoca-la participación dos cidadáns.

Así a "Festa dos vellos", na rectoral de Mariz, arredor do 13 de maio, ou a máis coñecida como "Festa das raíces", arredor do 15 de agosto no Santuario de Bascuas, que Xermolos axudou a recuperar e converteu en Museo da Arte e Cultura Relixiosas. Unha romaxe moi antiga que estaba a morrer e que agora está a recibir estes complexos vitamínicos novidosos para poder recuperala.

Está en elaboración unha terceira celebración arredor do adro da Igrexa de Santa Mariña na que se quere representar na tarde-noite do Venres Santo a Paixón de Xesús nun medio ateigado de elementos naturais (árbores, rochas, monte, auga...) e arquitectónicos (igreja, palco, rectoral, fonte...). É un xeito de potenciar festas estacionais que están fenecendo; así, nesta representación con toda a emoción e intensidade dunha celebración festiva, vai participa-lo pobo co seu xenio creativo dando pulo a unha tradición cristiá de sempre que estaba a caer na rutina e na falla de actualización para a xente do século XXI.

Con todo isto estamos a crear pobo:

- recuperando a historia, por exemplo as distintas relixións e a arte que se viviron en Bascuas e esta comarca dende a época romana e antes;
- recuperando os oficios, xa que na rectoral de Mariz estase a montar un museo de etnografía e dos oficios da comarca: canteiros, cesteiros, oleiros, etc.
- recuperando o sentido de facer pobo; na rectoral de Santa Mariña, que agora mesmo está a restaurar esta parroquia, estamos recollendo a historia da parroquia a través de fotos, documentos antigos, etc.

E estamos a multiplica-las razóns para facer festa nestas parroquias rurais, ou mellor dito de recuperar con novos bríos celebracións seculares feridas de morte. Son máis ben festas culturais pero que teñen as características destes acontecementos, iso si, con engadidos novos: na igrexa románica de Bascuas alternamos música clásica no seu interior co folk do Campo da Ermida. Na rectoral de Mariz e no seu campo a festa está centrada na música tradicional galega. Son novos tempos e espacios para facer festa asumindo a memoria colectiva destas parroquias rurais.